

Proxecto

CÓDIGO DO CENTRO: 36015093
CENTRO: CEIP San Tomé - Cambados - Pontevedra
PROGRAMA: Polos Creativos
ESTADO: Validada
VERSION: 1

A) COMPROMISOS DO CENTRO EDUCATIVO

O centro comprométese a desenvolver a/as seguinte/s actuación/s:

Breve descrición do proxecto (prestarase especial atención á vinculación ordinaria,

I.- Descrición xeral do proxecto

Desenvolvemento de competencias:

O proxecto educativo do Ceip San Tomé ten unha liña moi definida que promove as tarefas e proxectos competenciais e interdisciplinares. Este documento pon o foco de atención sobre o alumnado e ás súas creacións. Moitas das propostas parten da investigación e da experimentación, o que implica un traballo de campo no que a manipulación e o "facer" son as bases fundamentais para a adquisición das competencias básicas.

Esta cultura de centro ten como consecuencia unha coordinación vertical engraxada ao longo dos últimos anos e que da pé a un traballo continuista ao longo de todos os niveis educativos. Por outra banda, a convivencia con outros programas de innovación educativa da Consellería e a relación que se establece entre eles dota de coherencia as programacións didácticas e o traballo que se leva a cabo día a día nas aulas.

A creación dun Polo Creativo é un paso máis que queremos dar para ter un espazo común que vertebre todas as actividades do centro, que sirva por un lado como obradoiro en si mesmo e, por outro, como punto exportador de de distintos materiais para as aulas. A maiores, sería a localización ideal para que o Club de Ciencia do colexio, un dos referentes no traballo das áreas STEAM, leve a cabo o seu labor e mostre dun xeito máis estable os proxectos levados a cabo e aumente o seu aspecto divulgativo. É este outro aspecto que queremos abordar coa creación deste espazo, unha maior apertura á comunidade educativa, dándolle un uso polas tardes similar ao que se lle dá á Biblioteca escolar dende que formamos parte do PLAMBE, cunha mestra/e de garda e propoñendo obradoiros para familias aproveitando os recursos recibidos.

O enfoque, que detallaremos no punto III, pretende organizar e secuenciar en todas as etapas actividades que favorezan a adquisición das competencias por parte do alumnado. A modo de resumo, expoñemos:

- Actividades audiovisuais que complementen as áreas lingüísticas e que permitan expoñer traballos doutras áreas (proxectos de investigación e científicos)
- Actividades de construción que desenvolvan a competencia matemática e artística.
- Integración da robótica e a programación na estrutura curricular das áreas.
- Creación de modelos exportables para impresión 3D que desenvolvan a competencia matemática e dixital.
- Obradoiros creativos en diferentes etapas e niveis.

A organización horaria basearíase en dous puntos:

- Horario fixo semanal para os obradoiros de infantil e primeiro ciclo.

Proxecto

CÓDIGO DO CENTRO: 36015093
CENTRO: CEIP San Tomé - Cambados - Pontevedra
PROGRAMA: Polos Creativos
ESTADO: Validada
VERSION: 1

A) COMPROMISOS DO CENTRO EDUCATIVO

O centro comprométese a desenvolver a/as seguinte/s actuación/s:

- Horario flexible e a demanda (incluso compartido) para o resto de etapas en función das tarefas que estean a levar a cabo.
- Horario fixo de tarde para o club de ciencia
- Horario a demanda para as familias dentro do horario de garda de biblioteca e polo creativo.

II.- Posibles espazos que se van utilizar

No primeiro andar do colexio existe un faiado que precisa de acondicionamento. O centro educativo ven demandando esta actuación e xa presentou un proxecto baseado no Plan de Nova Arquitectura Pedagóxica que xa demandaba a habilitación dun espazo para biblioteca o outro para Aula Maker. A convocatoria deste programa Polos Creativos encaixa á perfección coa idea que tiña o centro para ter un espazo que permitise seguir medrando e dar a opción de formular aínda máis proxectos interdisciplinares baseados na creación.

III.- Proposta de organización e actividades

Infantil:

Dous obradoiros semanais ao longo de todo o curso de cociña, costura, construción e iniciación á robótica, o resto de obradoiros (teatro, arte plástica, experimentos e xogos de mesa) lévanse a cabo noutros espazos. Horario: mércores e venres de 10h a 11:30h, rotatorios e internivelares

Uso a demanda en proxectos de aula que requiran o uso do Polo Creativo que precisen dunha produción audiovisual (vídeo en croma, gravación de audio).

Primeiro ciclo:

Obradoiro semanal de robótica e programación (venres de 12h a 13:30h)

Desenvolvemento da competencia lingüística: podcast de radio escolar (recitado, lectura teatralizada, magacines e entrevistas)

Desenvolvemento da competencia matemática: proxectos de costura, construcións e medidas (programación)

Desenvolvemento da competencia científica: formulación de retos semanais

Este ciclo traballa por ámbitos e sen libro de texto, basean a súa aprendizaxe en proxectos globalizados e retos.

Segundo ciclo:

Competencia en ciencia, matemática e tecnoloxía: análise e creación de máquinas simples e complexas. Programación e xeometría dinámica.

Competencia lingüística: Este ciclo participa nos Plans Proxecta Meteoescolas e Voluntariado Miúdo. O primeiro implica o uso permanente do croma e da radio para gravar ás mulleres e homes do tempo e o segundo a gravación de podcast para o Centro de Día de Cambados, co que colaboramos dende hai seis anos.

Terceiro ciclo:

O alumnado desta etapa educativa participa en edixgal. traballa de xeito moi autónomo e realiza un elevado número de creacións de xeito individual e en equipo.

Esta dinámica xa adquirida favorece que eses mesmos proxectos que xa levan a cabo adquiran unha maior dimensión a través do Polo Creativo. Son rapazas e rapaces con bo nivel de competencia dixital que aproveitarían os recursos para elevar a calidade das súas producións.

A robótica (ademais de ser área de libre configuración de centro en sexto de primaria) emprégase nas áreas lingüísticas para a creación de aventuras gráficas, nas áreas de ciencias para empregar os sensores dos Mbot en experimentos e creación de máquinas compostas con motores e na área de matemáticas no cálculo de medidas e relacións espaciais.

Por outra banda, realizan numerosos podcast e exposicións orais con croma como produto final das tarefas integradas que realizan.

En resumo, neste nivel e dado o grao de autonomía do alumnado, facilitaríase a realización de desdobres, xa que mentres algún grupo pode estar no polo creativo finalizando o seu proxecto, outro pode estar

Proxecto

CÓDIGO DO CENTRO: 36015093
CENTRO: CEIP San Tomé - Cambados - Pontevedra
PROGRAMA: Polos Creativos
ESTADO: Validada
VERSION: 1

A) COMPROMISOS DO CENTRO EDUCATIVO

O centro comprométese a desenvolver a/as seguinte/s actuación/s:

noutra fase do mesmo na aula.

Club de ciencia:

Mércores e xoves de 16h a 17:30h

É un dos programas máis recoñecidos do colexio, aglutina a moito alumnado que quere profundizar no coñecemento científico e que mestura a observación pura co emprego de tecnoloxía, poñendo esta ao servizo das necesidades para cada experimento que se queira realizar. Indudablemente, o Polo creativo sería o lugar de reunión para levar a cabo as sesións.

Semana da ciencia:

Ten lugar dende hai cinco anos e celébrase a derradeira semana de maio. Ata o momento faise no ximnsio do colexio, pero cambiaría de situación coa creación do Polo.

Obradoiros para familias:

6 obradoiros anuais para nais/pais/fillos xuntos: 2 de robótica con proxectos sinxelos de iniciación, 2 de construción e enxeñería con pezas, 1 de creación 3D e outro de creación audiovisual.

IV.- Alumnado ao cal vai destinado

Todo o alumnado de infantil e primaria (Entre 370 e 400 alumnas/os)

V.- Temporalización das actividades

Diferenzamos tres tipos de actividades:

1. Periódicas, frecuentes e inmediatas: aglutinamos neste apartado todas as que xa se levan a cabo no centro e que se verían impulsadas a través do Polo Creativo. Son os obradoiros semanais, as gravacións para meteoescolas, os podcast semanais, os proxectos interdisciplinares en cada nivel educativo e as actividades do club de ciencia Santomeinsteins.

2. Periódicas menos frecuentes e a curto prazo: obradoiros para familias e exposicións de traballos do Club de Ciencia e dos equipos de ciclo.

3. Periódicas a medio prazo: gardas de tarde do profesorado no Polo Creativo

VI.- Número de profesorado implicado

30

Análise DAFO que o proxecto supón para o fomento das competencias clave e

I.-Breve análise das debilidades

Ausencia dun espazo físico que permita vertebrar as actividades do centro no ámbito STEAM.
Material repartido por aulas e recunchos varios, o que lles resta operatividade.

II.-Breve análise das fortalezas

1. Proxecto educativo definido, aceptado e executado de xeito estable.
2. Claustro estable (2/3) que coñece a liña de traballo do centro e está comprometido con ela, sendo partícipes de forma activa en todas as propostas.
3. Experiencia en participación en programas de innovación educativa en anos anteriores (Edixgal, Club de Ciencia, Contratos Programa, Plans Proxecta, Digicraft, Voz Natura...)
4. Familias que coñecen a forma de traballar no colexio e que a valoran positivamente,
5. As TIC están integradas como unha ferramenta máis de traballo na aula.
6. Tarefas competenciais e interdisciplinares en todos os niveis educativos.

Proxecto

CÓDIGO DO CENTRO: 36015093
CENTRO: CEIP San Tomé - Cambados - Pontevedra
PROGRAMA: Polos Creativos
ESTADO: Validada
VERSION: 1

A) COMPROMISOS DO CENTRO EDUCATIVO

O centro comprométese a desenvolver a/as seguinte/s actuación/s:

III .-Breve análise das oportunidades

1. Aproveitar o bo ambiente de traballo para seguir avanzando nun proxecto común.
2. Apertura de novas liñas de traballo e investigación.
3. Integración dos diferentes programas para a realización de tarefas ou proxectos.
4. Programas educativos propostos pola Administración.

IV .-Breve análise das ameazas

1. Acomodarse polos resultados de cursos anteriores, premios e recoñecemento social.
2. Caer en inmovilismo pensando que o que se fai xa é o mellor e deixar de indagar.
3. Cambios próximos nos currículos.
4. Desaparición das horas de libre configuración de centro (Perdemos a asignatura de robótica e programación como tal)

Valoración de necesidades tendo en conta a dispoñibilidade de equipamento recollido

Valoración de necesidades tendo en conta a dispoñibilidade de equipamento recollido neste programa

- Monitor de alta definición
- Videocámara
- Cámara fotográfica compacta
- Trípode de alta estabilidade
- Equipo de iluminación
- Soporte para fondos (croma portátil)
- Pantalla/taboleiro interactivo de 75"
- Conxunto de 6 lapis 3d
- Kits electrónica básicos
- Kits circuito papel
- Xogos de construción de pezas encaixables, de construción, de madeira, magnéticos
- Conxunto de 6 kits de e-textis ou weareables
- Máquina de coser e de chapas
- Taladro de batería e xogo de brocas
- Sistema de aspiración de seco e húmido
- Conxunto de ferramenta manual
- Pistola de pegamento
- Placa de indución
- Sistemas de protección EPI
- Impresora multifunción A3
- Plotter de corte para manualidades e plastificadora / laminadora
- Tablet dixitais
- Micrófonos de tableta externo
- Soporte universal de tabletas
- Impresora 3D
- Kits de aprendizaxe de electrónica
- Kit simulación de teclado e rato
- Kit microbit con sensores ou similar
- Kits de robótica de 7 a 9
- Kits de robótica de 10 a 12
- Robots de chan avanzados
- Carro de carga móbil

Proxecto

CÓDIGO DO CENTRO: 36015093

CENTRO: CEIP San Tomé - Cambados - Pontevedra

PROGRAMA: Polos Creativos

ESTADO: Validada

VERSION: 1

A) COMPROMISOS DO CENTRO EDUCATIVO

O centro comprométese a desenvolver a/as seguinte/s actuación/s: